

## ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA RÚA J.B. CARRERA FÁBREGAS -TRAMO 2.

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 9:50 horas do día 8 de xuño de 2018, reúnese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación da obra de *"Mellora do Saneamento e Pavimentación da Rúa J.B. Carrera Fábregas - Tramo 2"*, presidida por M<sup>a</sup> Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria Acctal. do Concello, María del Carmen Trillo Mouzo e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, e como Secretaria da mesa a auxiliar administrativo, Angélica Ayala Oca.

O obxecto da convocatoria é a posta en coñecemento do informe técnico emitido sobre a xustificación da oferta anormal ou con valores desproporcionados achegada pola empresa Excavaciones Pose, S.L. e a proposta de adxudicación ao licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, segundo os criterios de valoración recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas particulares.

A Secretaria da Mesa da lectura ao dito informe, que literalmente di:

**"Antonio Martínez Domínguez**, arquitecto ao servizo do Concello de Corcubión, a petición de D. Manuel Insua Insua, alcalde – presidente deste Concello; en relación coa xustificación da valoración de oferta presentada pola empresa *Excavaciones Pose, S.L.*, e á vista do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de *"Mellora do saneamento e pavimentación na Rúa J.B. Carrera Fábregas - Tramo 2"*

### EXPÓN:

**A.-** Con data 12 de abril de 2018 o técnico que subscribe ten emitido un Informe Técnico en relación coa citada contratación, no que se conclúe no seguinte:

*1.- De acordo cos resultados obtidos polo Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos, facilitado polo Deputación da Coruña (achégase copia); i en aplicación do indicado na Cláusula 15.4.2.- do Prego, considerarase como desproporcionada ou anormal a oferta presentada polo seguinte licitante:*

- **Excavaciones Pose, S.L.**

*De acordo coa Cláusula 15.4.1.- do Prego, o técnico que subscribe **propón ó órgano de Contratación que notifique esta circunstancia ao licitador anterior**, para que dentro do prazo de cinco días xustifique a dita oferta, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula.*

*A xustificación realizada polo licitador (no caso de que se presente esta no prazo concedido) remitirase novamente aos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.*

**B.-** De acordo coa documentación facilitada polo persoal administrativo deste Concello, a empresa *Excavaciones Pose, S.L.* ten presentado documentación para xustificar a súa oferta.

Neste sentido, tense comprobado que a xustificación de temeridade se ten presentado no prazo concedido (cinco días segundo o indicado na cláusula 15.3.1.- do Prego).

**C.-** A cláusula 15.4.3.- do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexeir para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de *"Mellora do saneamento e pavimentación na Rúa J.B. Carrera Fábregas - Tramo 2"* establece o seguinte:

**15.4.3-** *Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:*

- *Xustificación dos prezos ofertados*
- *Volume de obra*
- *Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada*

***Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.***

*A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentarase en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).*

*Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar a seguinte documentación:*

**1. Xustificación de prezos ofertados:**

**A. Materiais**

**A.1 Compra**

- *Carta de compromiso dos provedores*
- *Prezos detallados*

**A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)**

- *Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

**B. Maquinaria**

**B.1 Aluguer e/ou contratación**

- *Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos*

*B.2 Medios propios*

- *Relación detallada da maquinaria*

*C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico*

*2. Volume de obra:*

*Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.*

*3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:*

*Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.*

**D.-** Compróbase a continuación a documentación aportada polo licitante para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Excavaciones Pose, S.L.

Segundo a información facilitada polo persoal administrativo do Concello, a documentación se presentou en formato dixital PDF con firma electrónica.

Respecto á xustificación de prezos ofertados - materiais, teñen aportado cartas de compromiso dos seguintes provedores: ABN pipe, Canteira da Mina, S.L., Contenedores Maracaná, Acersa Hierros, S.L., Pavimento Impreso, S.L., Puli2 Terminados de Hormigón, S.L.,

Nalgunhas destas cartas de compromiso figuran os prezos ofertados por estas empresas (que son os que se recollen na oferta detallada por unidades de obra segundo o Proxecto).

Relación do persoal da empresa, xustificando os custes.

En canto á maquinaria, presentan unha relación detallada da maquinaria da que dispón a empresa.

Xustificación de prezos: xustificando o coñecemento da zona de traballo, así como o coñecemento dos traballos a realizar. Acompañan tamén unha oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico (utilizan o apartado de medicións e presuposto do proxecto, así como o de prezos de descompostos, sobreescribindo os prezos ofertados -xustificados con anterioridade-). O técnico que subscribe ten comprobado que os cálculos realizados son correctos, e que coinciden coa oferta presentada.

Acompañan xustificantes de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia e do Estado.

Respecto ao volume da obra, o licitador, na relación do persoal da empresa, indica que *"cando comece esta obra a empresa Excavaciones Pose, S.L. non terá ningunha contratada, xa que todas as que ten en execución estarán rematadas para esta data"*.

Respecto á relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada, o licitador ten xustificado na relación do persoal da empresa que *"tódolos traballadores estarán a tempo completo na obra, a disposición da mesma; na empresa todo o persoal será imputable á obra excepto a auxiliar administrativa que é parte dos gastos xerais"*.

Finalmente, presentan unha pequena memoria xustificando o volume da obra e os custes laborais fixos; así como copia das nóminas do mes de marzo.

Segundo o indicado, o técnico que subscribe que **a documentación aportada pola empresa licitante se corresponde coa esixida na cláusula 15.4.3.- do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares anterior.**

Consonte ó anteriormente exposto, no contexto no que vai dito, sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes ós achegados

#### **INFORMO:**

**1.-** De acordo co indicado nos apartados C e D do presente Informe, o licitante *Excavaciones Pose, S.L.*, **ten xustificado correctamente a oferta presentada** polo mesmo, inicialmente considerada como desproporcionada ou anormal; acompañando a documentación esixida na cláusula 15.4.3.- do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**2.-** Tendo en conta o definido no Informe anterior, ao cumprir cos condicionantes requiridos para á adxudicación da obra referida, e ter presentado pola orde que se indica, as ofertas máis vantaxosas segundo os criterios de valoración propostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de *"Mellora do saneamento e pavimentación na Rúa J.B. Carrera Fábregas - Tramo 2"*; **propono á adxudicación das obras á empresa que lle corresponda pola seguinte orde:**

- |                                    |                 |
|------------------------------------|-----------------|
| 1º. <b>Excavaciones Pose. S.L.</b> | (71,64 puntos). |
| 2º. Mecano Obras y Reformas, S.L.  | (68,96 puntos). |
| 3º. Construcciones Cernadas, S.L.  | (66,26 puntos). |
| 4º. Construcciones Mantido, S.L.   | (60,66 puntos). |
| 5º. Construcciones D. Ogando, S.L. | (54,86 puntos). |
| 6º. Groma Obras, S.L.              | (52,35 puntos). |

Este é o informe do Técnico que subscribe segundo o seu leal saber i entender e que pon no seu coñecemento ós efectos da tramitación correspondente.

Corcubión a 4 de Xuño de 2.018  
O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez”

Á vista do informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

**Propoñer a adxudicación da obra de “Mellora do Saneamento e Pavimentación da Rúa J.B. Carrera Fábregas - Tramo 2” ao licitador Excavaciones Pose, S.L., oferta máis vantaxosa, segundo os criterios de valoración recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas particulares.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION

A PRESIDENTA



Mª Manuela Fernández Louro

VOGAIS:

A SECRETARIA ACCTAL.




Mª del Carmen Trillo Mouzo

A SECRETARIA DA MESA



Angélica Ayala Oca

O ARQUITECTO



Antonio Martínez Domínguez

